

*V Plan de
Igualdade*
de Oportunidades
entre Mulleres e Homes
Concello de Valga

2023 | 2026



V Plan de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Valga (2023 – 2026)

RESPONSABLE: Concellería de Igualdade.

Concello de Valga.



COORDINACIÓN: María Teresa García Cutrín e María José Devesa Fernández.

FINANCIA: Deputación de Pontevedra.



Xunta de Galicia, Consellería de emprego, Secretaría Xeral de Igualdade e Tolerancia
Cero.



COLABORA: SIF (Servicios Integrales de Formación S. L.)



Valga, maio de 2023



Índice

ÍNDICE	3
DATOS SOCIODEMOGRÁFICOS	11
FUNDAMENTACIÓN NORMATIVA	17
ÁMBITO INTERNACIONAL	19
ÁMBITO EUROPEO	19
ÁMBITO ESTATAL	20
ÁMBITO LOCAL	21
PRINCIPIOS REITORES	23
PERSPECTIVA DE XÉNERO	25
TRANSVERSALIDADE	25
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	25
XUSTIZA SOCIAL	25
INNOVACIÓN	25
SUSTENTABILIDADE	26
IGUALDADE DE OPORTUNIDADES	26
PARTICIPACIÓN	26
VIABILIDADE	26
EMPODERAMENTO	26
TEMPORALIZACIÓN	27
ESTRUTURA DO PLAN	31
BLOQUE DE CONTIDOS	35
BLOQUE I: INTEGRACIÓN DO PRINCIPIO DE IGUALDADE NA ACCIÓN INSTITUCIONAL	37
BLOQUE II: EIXES ESTRATÉXICOS PARA A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES	37
BLOQUE III: INTERVENCIÓN INTEGRAL EN VIOLENCIA DE XÉNERO E FAMILIAR.	38
EIXES ESTRATEXICOS DE INTERVENCIÓN	41
EIXE 1 - INTEGRACIÓN DO PRINCIPIO DE IGUALDADE NA ACCIÓN INSTITUCIONAL	43
EIXE 2- CONCIENCIACIÓN E SENSIBILIZACIÓN	49
EIXE 3 - ÁMBITO ESCOLAR, PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO E PROMOCIÓN DA IGUALDADE	55
EIXE 4 - BENESTAR, SAÚDE E CULTURA	61
EIXE 5 - CONCILIACIÓN, CORRESPONSABILIDADE E EMPREGO	67
EIXE 6 - INTERVENCIÓN INTEGRAL EN VIOLENCIA DE XÉNERO E FAMILIAR.	73
SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN	79



Introducción


OV Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Valga, constitúese como o documento que determinará accións a desenvolver en materia de igualdade nos vindeiros catro anos. Pretende dar continuidade ao traballo emprendido no anterior plan de igualdade poñendo en marcha accións que teñen como obxectivo impulsar e fomentar o desenvolvemento dun municipio onde mulleres e homes gocen das mesmas oportunidades en todos os ámbitos da vida. Neste sentido, o plan está configurado coa finalidade de articular unha estratexia integral de intervención orientada a xerar os cambios estruturais necesarios para que mulleres e homes da localidade acaden maiores cotas de igualdade real.



Datos Sociodemográficos

Segundo datos do último Padrón municipal (2022), no Concello de Valga residen un total de 5.752 persoas, das cales o 51,20% son mulleres.

HABITANTES




IGE (2022)

Situación que se mantivo nos últimos anos, sendo sempre a poboación feminina a maioritaria no municipio.

En canto á estrutura de poboación, pode falarse dunha pirámide cunha base estreita para as persoas máis novas e que vai aumentando de forma moi considerable nos tramos de idade comprendidos entre os 30 e os 64 anos, para voltar a diminuír de novo a partir dos 64 anos, se ven e certo que de forma menos acusada en comparación co outro grupo. Deste xeito, cabe destacar a idade media da poboación valguesa sitúase entorno aos 46 anos.

DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN POR IDADE E SEXO



IGE (2022)

Esta estrutura pon de manifesto que só un 13,15% da poboación de Valga ten menos de 15 anos. As persoas residentes entre 16 e 64 anos presenta un peso elevado, posto que representa o 63,51% do total. Sendo a poboación maior de 64 anos un 23,34% da poboación.

A distribución dos datos por sexo evidencia unha situación moi similar en ambos sexos existindo unha clara feminización a partir dos 65 anos.

En termos demográficos, o concello de Valga presenta unha evolución negativa, xa que as cifras de poboación da última década dan conta dun descenso constante do número de residentes. Entre o ano 2012 e o 2022 o total da poboación reduciuse en 320 persoas.

Por outra parte, do conxunto de residentes no concello, só o 0,94% (54 persoas) son de nacionalidade estranxeira, na súa meirande parte mulleres: 30, fronte a un total de 24 homes.


A análise dunha serie de indicadores demográficos do concello en perspectiva comparada co conxunto da comunidade autónoma dá conta dunha maior taxa de natalidade. Pese a isto o número medio de fillos e fillas é un pouco menor en comparación coa comunidade.

Outra dimensión fundamental a ter en conta dende as administracións públicas, de cara á planificación dos recursos a medio-longo prazo é o envellecemento poboacional. Os indicadores demográficos actuais e dan conta dunha crecente poboación cada vez máis envellecida e lonxeva.

INDICADORES DEMOGRÁFICOS	VALGA	GALICIA
Taxa bruta de natalidade (o/oo)	6,35	5,49
Taxa bruta de mortalidade (o/oo)	11,66	12,19
Índice de envellecemento	143,72	167,3
Idade media á maternidade	32,94	33,19
Número medio de fillos por muller	1,13	1,01

Centrándose agora na análise dos datos asociados ao emprego e á actividade económica do municipio, e analizando os datos promedio de desemprego correspondentes ao ano 2022, compróbase, en primeiro lugar, que a media de persoas en situación de desemprego no concello de Valga era de 320 persoas, das cales o 59,69% son mulleres, un dato a ter en conta na programación de políticas locais destinadas á mellora da empregabilidade da poboación feminina.

PARO REXISTRADO




■ HOMES ■ MULLERES

IGE (2022)

Por sectores de actividade, o paro concéntrase principalmente no sector servizos, tanto entre as mulleres como entre os homes.

PARO REXISTRADO POR SECTORES DE ACTIVIDADE



IGE (2022)



Fundamentación normativa

O presente plan e o seu desenvolvemento enmárcanse nun contexto xurídico-normativo e de planificación en favor da igualdade entre mulleres e homes que conta cun marco normativo amplo que se ven desenvolvendo nas últimas décadas. Expóñense a continuación as principais referencias normativas e de acción estratéxica nos diferentes ámbitos:

ÁMBITO INTERNACIONAL

Declaración Universal dos Dereitos Humanos. 1948.

Convención sobre os dereitos políticos das mulleres. 1952.

Declaración sobre a eliminación da discriminación contra a muller. 1967.

Convención para a Eliminación de todas as Formas de Discriminación contra a Muller de 1979 (CEDAW).

Declaración sobre o dereito ao desenvolvemento. 1986.

Declaración sobre a eliminación da violencia contra a muller. 1993.

IV Conferencia Mundial sobre as Mulleres de Beijing.1995.

Declaración sobre os dereitos das persoas pertencentes a minorías nacionais ou étnicas, relixiosas e lingüísticas (1992) - Declaración e programa de acción en Viena (1993).

Resolución 1997/44 da Comisión dos Dereitos Humanos de 1997.

Protocolo opcional da Convención para a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller. 1999.

Resolución 1.325 do Consello de Seguridade das Nacións Unidas sobre mulleres, paz e seguridade. 2000.

Conferencia Mundial contra o Racismo, a Discriminación Racial e a Xenofobia celebrada en Durban. 2001.

Documento final do Cumio Mundial. 2005.

ÁMBITO EUROPEO

Tratado de Ámsterdam de 1997.

Carta dos dereitos fundamentais da Unión Europea. (DOCE C 364/1 de 18.12.2000)

Recomendación do Comité de Ministros sobre a protección das mulleres contra a violencia. 2002.

Directiva 2002/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa á igualdade de trato entre mulleres e homes nas condicións de traballo.

Regulamento 806/2004/CE do Parlamento Europeo e do Consello relativo ao fomento da igualdade entre as mulleres e os homes na Cooperación ao Desenvolvemento.

Directiva do Consello 2004/113/CE do 13 de decembro, pola que se aplica o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres ao acceso de bens e servizos e a súa subministración.

Informe da Comisión ao Consello, ao Parlamento Europeo, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións, do 22 de febreiro de 2006, sobre a igualdade entre mulleres e homes, 2005.

Directiva 2006/54/CE sobre igualdade de oportunidades e trato entre homes e mulleres.

Programas de acción comunitaria, Daphne I (2000-2003) e Daphne II (2004-2008).

Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica. Istambul, 11 de maio do 2011, ratificado por España en 2014.

Estratexia Europea para a Equidade de xénero 2016-2019.

Segundo Pacto Europeo pola Igualdade de Xénero 2011-2020.

ÁMBITO ESTATAL

Lei 39/1999, do 5 de novembro, para promover a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras.

Real Decreto 1686/2000, de 6 de outubro, polo que se crea o Observatorio da Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes.

Lei 27/2003, do 31 de marzo, reguladora da orde de protección das vítimas de violencia doméstica.

Lei 30/2003, do 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o Goberno.

Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

Real Decreto 355/2004 polo que se crea un Rexistro Central para a protección das vítimas da violencia doméstica. Modificado polo Real Decreto 660/2007 de 25 de maio.

Real Decreto 237/2005, de 4 de marzo, polo que se establecen o rango e as funcións da Delegación Especial do Goberno contra a Violencia sobre a Muller, prevista na Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

Real Decreto 1452/2005, de 2 de decembro, polo que se regula a axuda económica establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

Lei 39/2006 do 14 de decembro, de protección da autonomía persoal e atención a persoas en situación de dependencia.

Orde TAS/3857/2006 do 19 de decembro, pola que se crea a Comisión para a Coordinación das Actividades do Ano Europeo da Igualdade de Oportunidades para todas as Persoas.

Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

ÁMBITO AUTONÓMICO

Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da comunidade autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.

Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento da violencia de xénero.

I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016 - 2020.

Plan galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021.

VIII Plan Estratégico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027

ÁMBITO LOCAL

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. (Modificada polo Real Decreto-Lei 9/2018, do 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de

xénero. Con esta modificación engádese o parágrafo o) ao punto 2 do artigo 25, recoñecendo como competencia propia dos municipios as “actuacións na promoción da igualdade entre mulleres e homes así como contra a violencia de xénero.”)

Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Valga 2017-2021.



Principios reitores



presente Plan de Igualdade de oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Valga fundamentase nuns principios reitores, que orientan todo o proceso dende o deseño, a metodoloxía, os obxectivos e a implementación do mesmo. Ditos principios reitores son:

PERSPECTIVA DE XÉNERO

Para acadar a igualdade de oportunidades é necesario ter en consideración as diferentes situación de partida, en calquera ámbito da vida cotiá, de mulleres e homes, detectando as posibles discriminacións para poder planificar medidas congruentes que favorezan a equidade real e a superación de roles e estereotipos de xénero.

TRANSVERSALIDADE

Integra a perspectiva de xénero en cada unha das políticas e acción municipais, co obxectivo de eliminar as barreiras estruturais que impiden que a igualdade real entre mulleres e homes. O principio de transversalidade implica ter que actuar de xeito coordinado, deixando de ser unha acción concreta, para ser un principio central das actuacións municipais.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Toma de conciencia de que as persoas son diferentes e diversas. O respecto e atención á diversidade considera que estas diferenzas son enriquecedoras e positivas para o desenvolvemento social.

XUSTIZA SOCIAL

A xustiza social é un principio básico, un valor fundamental para lograr a convivencia pacífica e o progreso das sociedades, promove a distribución equitativa de bens e servizos.

O seu obxectivo final é acabar cas desigualdades e conseguir o pleno desenvolvemento das persoas. A Igualdade é un dos fundamentos esenciais do principio de xustiza social.

INNOVACIÓN

Responde á necesidade de fomentar solucións novas que garantan a igualdade de oportunidades.

SUSTENTABILIDADE

O proxecto está pensado para que os obxectivos e impactos do V PIOM perduren

máis aló do horizonte temporal aquí contemplado, de maneira que cada elemento poida adaptarse á dinámica social favorecendo o camiño para a igualdade real.

IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

Os poderes públicos deben adoptar as medidas oportunas para garantir o exercicio efectivo e igualitario dos dereitos políticos, civís, sociais e culturais así como do resto de dereitos de fundamentais. O propio plan é un instrumento de loita contra as situacións de desigualdade entre mulleres e homes.

PARTICIPACIÓN

Este principio supón impulsar de forma efectiva o dereito das persoas á participación, en especial das mulleres que se encontran infrarrepresentadas en xeral na esferas de poder, e que contan con maiores dificultades para participar en igualdade.

VIABILIDADE

Para conseguir o equilibrio e garantir un beneficio mutuo para homes e mulleres na aplicación das políticas públicas, o punto de partida é facer visibles as diferenzas entre homes e mulleres onde as haxa, identificar os factores de desigualdade e, a partir de aí, propoñer as melloras concretas, así como facer visible a presenza das mulleres na sociedade.

EMPODERAMENTO

Alude a un proceso de toma de conciencia individual e colectiva por parte das mulleres que lles permite aumentar a súa participación nos procesos de toma de decisións e a posibilidade de desenvolver as súas potencialidades. Para que este proceso se desenvolva de forma efectiva, é necesario poñer en marcha accións positivas, que permitan corrixir as discriminacións.



Temporalización

OV Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes, ten un período de vixencia de catro anos (2023-2026), tempo apropiado para desenvolver as medidas propostas en cada bloque e eixe de intervención.


Esta temporalización inicial é flexible coa finalidade de responder aos cambios sociais que se dean, sendo factible á prorroga do mesmo se se considera o apropiado.



Estrutura do Plan

O V Plan de Igualdade de Oportunidades do concello de Valga baséase na introdución de todas aquelas medidas correctoras que permitan reducir e compensar todas as discriminacións por razón de xénero. Deste xeito, o Plan de Igualdade é unha ferramenta que orienta o traballo para a consecución da igualdade real e efectiva.

Por este motivo, o plan conta cunha estrutura clara e estable que permite programar as diferentes accións de forma simple. A estrutura é a seguinte:





Bloque de contenidos

Cada un dos eixes de actuación do Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Valga enmárcanse nos seguintes bloques xerais de contido:

BLOQUE I: INTEGRACIÓN DO PRINCIPIO DE IGUALDADE NA ACCIÓN INSTITUCIONAL

A súa finalidade é a de desenvolver unha acción institucional favorable á igualdade de xénero, de tal maneira que toda a actividade do Concello de Valga constitúa un exemplo da aplicación do principio de igualdade entre mulleres e homes en todos os ámbitos. Isto implica incorporar a transversalidade de xénero ao conxunto da acción municipal.

Ademais, promoverase unha comunicación inclusiva e non sexista, especialmente na súa proxección externa coa veciñanza, as empresas e outras institucións públicas.

Para levar a cabo a integración da perspectiva de xénero no conxunto da acción municipal, interna e externa, é necesario que o persoal conte con formación adecuada en materia de igualdade, polo que o plan contempla a realización de accións formativas dirixidas aos traballadores e traballadoras do Concello.

BLOQUE II: EIXES ESTRATÉXICOS PARA A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

A través dos eixes que integran este segundo bloque preténdese dar continuidade ao traballo de concienciación da cidadanía e de educación en igualdade de xénero nas distintas idades.

Así, o primeiro eixe desta área consiste en manter a labor de sensibilización da cidadanía para conseguir erradicar os estereotipos e as distintas formas de discriminación cara as mulleres.

A través do segundo eixe quérese potenciar a educación en igualdade desde as idades máis temperás, tanto nos procesos educativos formais no ámbito escolar como informais a través de accións municipais.


O terceiro eixe recolle un compendio de accións destinadas a promover a saúde física e psicosocial das mulleres desde un enfoque integrador das diversidades, o que significa ter en conta a variedade de factores e circunstancias que se presentan na vida, desde a idade, como variable determinante de problemas de saúde e doutras demandas e preferencias asociadas, ata a presenza de discapacidade etc. Neste sentido, promoveranse accións de distinto tipo para fomentar o autocoidado, mellorar a saúde sexual e reprodutiva, entre outras

O último eixe deste bloque contribúe á plena incorporación e á permanencia das mulleres no ámbito do emprego, facilitando os recursos necesarios para a súa capacitación, así como aqueles outros que permitan conciliar a vida privada e a laboral.

BLOQUE III: INTERVENCIÓN INTEGRAL EN VIOLENCIA DE XÉNERO E FAMILIAR.


Erradicar a violencia de xénero constitúe un obxectivo común de toda a sociedade e un deber para as distintas administracións públicas. Os municipios, en concreto, teñen atribuída como competencia “actuacións na promoción da igualdade entre mulleres e homes así como contra a violencia de xénero”, a raíz da modificación realizada no artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, tras a entrada en vigor do Real Decreto-Lei 9/2018, do 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

Pero combater esta forma da desigualdade de xénero require da necesaria implicación de toda a cidadanía. É por isto que o obxectivo é o de loitar contra todas as formas de violencia contra as mulleres e atender de xeito integral ás vítimas.





Eixes estratègics de intervenció



*Eixe 1 - Integración do
Principio de Igualdade
na Acción Institucional*

Para garantir a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes así como a ausencia de calquera tipo de discriminación por razón de xénero en todas as áreas da vida é imprescindible que as políticas, os programas e as actuacións públicas integren o principio de igualdade.

Por outra banda, cabe destacar que as institucións públicas de ben ser un referente de boas prácticas e marcar o camiño a seguir para a consecución real da igualdade.

OBXECTIVO XERAL

Incorporar de xeito transversal a igualdade de xénero ao conxunto da acción da Administración municipal, tanto no seu funcionamento e organización interna como na proxección externa da institución, servindo como modelo de actuación.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 1

Reforzar o principio de igualdade entre mulleres e homes e o enfoque de xénero na organización municipal.

ACCIÓNS

- ✍ Difusión entre o conxunto do persoal municipal da oferta formativa en igualdade de xénero dispoñible nos distintos organismos e administracións (Egap, Fegamp, Instituto da Muller etc.).
- ✍ Desenvolvemento de accións formativas en materia de igualdade dirixidas ao conxunto do persoal municipal, incluíndo formación especializada para os perfís técnicos e políticos, destinada a mellorar a introdución da perspectiva de xénero no deseño de políticas públicas (orxamentos, programas, elaboración de memorias etc.)
- ✍ Establecer convenios de colaboración con outras institucións para o desenvolvemento conxunto de proxectos dirixidos a reforzar a igualdade de oportunidades.
- ✍ Revisar e actualizar o uso da linguaxe non sexista en toda a normativa e documentación emitida dentro do ámbito administrativo local.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 2

Promover unha cultura favorable á igualdade a través dunha comunicación institucional inclusiva e do impulso do enfoque de xénero nas relacións da Administración local coa veciñanza, outros organismos públicos e empresas.

ACCIÓNS

- ✍ Difusión do V Plan de igualdade do Concello de Valga entre o conxunto da cidadanía, organizacións e entidades do municipio e conxunto do persoal municipal.
- ✍ Revisión da páxina web municipal e dos perfís en redes sociais desde a óptica de xénero para a adecuación de contidos ao principio de igualdade
- ✍ Promoción da linguaxe de xénero inclusiva entre o persoal municipal para a utilización de termos inclusivos e non sexistas nos documentos administrativos e as comunicacións do Concello.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 3

Fomentar a perspectiva de xénero e a aplicación do principio de igualdade de oportunidades na actividade municipal.

ACCIÓNS

- ✍ Cooperación con departamentos municipais e axentes sociais para que inclúan a perspectiva de xénero na programación, no deseño e planificación das actuacións, proxectos ou programas que leven a cabo.



*Eixe 2 - Concienciación
e Sensibilización*

Homes e mulleres necesitamos reflexionar sobre as orixes e consecuencias da discriminación por razón de sexo sobre todo porque xa non é posible crer que as desigualdades e que as inxustizas non forman parte da nosa sociedade. As persoas, as administracións públicas, as empresas e organizacións laborais cada unha na súa medida e no desenvolvemento das súas actividades, deben e poden participar na creación dunha sociedade máis equitativa. Comprender que é a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes é un pilar fundamental para poder avanzar como sociedade.

OBXECTIVO XERAL

Divulgar o coñecemento do alcance da cultura patriarcal, os seus valores, actitudes, condutas e estereotipos que manteñen as condutas de discriminación por razón de xénero, a intolerancia e violencia nas nosas vidas achegando as claves necesarias para identificalas e erradicalas no espazo individual e colectivo.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 1

Desenvolver accións de concienciación e sensibilización destinadas ao conxunto de toda a poboación.

ACCIÓN S

- ✍ Transmitir a través das imaxes municipais do concello principios de igualdade.
- ✍ Emprego dende as administracións públicas dunha linguaxe non sexista.
- ✍ Difusión de principios igualitarios

OBXECTIVO ESPECÍFICO 2

Utilizar os encontros tradicionais da sociedade para introducir os contidos da concienciación e sensibilización da igualdade.

ACCIÓN S

- ✍ Distribuír material informativo nas festas e encontros tradicionais.
- ✍ Colocación dun punto lila nas festas municipais e da xuventude.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 3

Fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes a través dunha programación de accións non estereotipadas que favorezan unha participación igualitaria da poboación.

ACCIÓN S

- ✍ Conmemorar as principais datas (8M e 25N) de reivindicación dos dereitos das mulleres a través de diversas actividades
- ✍ Realizar actividades de reivindicación das mulleres importantes na nosa comunidade o día da muller facendo así unha homenaxe anual
- ✍ Desenvolvemento e posta en marcha de estratexias que promovan modelos de relación baseados no principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes
- ✍ Desenvolvemento e posta en marcha de estratexias que promovan modelos de relación baseados no principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes
- ✍ Accións de información non sexista sobre o uso dos xoguets, videoxogos e libros principalmente nas datas en que os menores reciben agasallos.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 4

Desenvolver políticas preventivas contra a violencia de xénero.

ACCIÓNS

- ✍ Deseñar e distribuír material informativo para a poboación xeral sobre as condutas necesarias para axudar e apoiar a unha vítima.
- ✍ Publicar e distribuír información sobre os mitos da violencia
- ✍ Realizar obradoiros e charlas sobre os dereitos das mulleres.
- ✍ Divulgación sobre comunicación inclusiva na linguaxe administrativa e nos medios.



*Eixe 3 - Ámbito Escolar,
Prevenición da Violencia
de Xénero e Promoción
da Igualdade*

A educación é unha ferramenta indiscutible para a socialización, a transmisión de valores, actitudes e pautas de comportamento, polo tanto é fundamental para conseguir cambios sociais. Por isto, o ámbito educativo é fundamental á hora de traballar a promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero. Débese traballar coa finalidade de crear novos esquemas e modelos de xénero baseados na equidade, romper os estereotipos de xénero existentes na actualidade e reforzar o dereito á liberdade.

OBXECTIVO XERAL

Promover a concienciación, a sensibilización en igualdade e previr as condutas discriminatorias coa poboación escolar do concello.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 1

Coordinar as accións de concienciación e sensibilización cos centros educativos.

ACCIÓN S

- ✍ Realizar obradoiros de coeducación, igualdade e prevención da violencia de xénero nos centros educativos de toda a comunidade adaptados aos niveis educativos.
- ✍ Actividades lúdicas como xogos, contacontos, obradoiros e outras actividades durante as vacacións e festivos para educación infantil e primaria coa igualdade como contido central.
- ✍ Accións de información non sexista sobre as eleccións profesionais aproveitando datas informativas puntuais: día da muller traballadora, edición de premios relevantes nas áreas do coñecemento, o día do traballador etc.
- ✍ Deseño de material informativo que acompañe aos obradoiros ou de forma independente e específica para os diferentes colectivos da comunidade educativa: nenos e nenas, mozos e mozas, nais e pais e persoal docente sobre os diferentes aspectos da igualdade.
- ✍ Colaborar e asesorar ao centro educativo para a dinamización con perspectiva de xénero dos tempos de lecer.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 2

Motivar a participación da comunidade educativa en todas as actividades desenvolvidas en materia de igualdade.

ACCIÓNS

- ✍ Informar aos centros educativos sobre as actividades en materia de igualdade e invitar á súa participación
- ✍ Invitar aos centros educativos aos actos simbólicos en datas especiais como o 8 de marzo e o 25 de novembro con accións directas conxuntas
- ✍ Realizar concursos escolares para a realización da cartelería das accións conmemorativas da igualdade.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 3

Promover cos mozos e mozas a reflexión e cambio de actitude en ámbitos que xeran situación de gran desigualdade.

ACCIÓNS


